

**CONTRATO PARA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES. (PAS COMPLEMENTARIO 2015)**

Na Casa do Concello de Ames a 24 de xullo de 2018.

**REÚNENSE:**

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria accidental da Corporación, dona Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2018.

Doutra parte don Raul Xosé Sánchez Pujalte, con NIF 32.753.885-E, actuando en representación da empresa **MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, SL**, con CIF **B-70195870** e domicilio social na rúa Praza da Ría nº 1A, 4º D – O Temple – Cambre (A Coruña)

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato da subministración ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

**CLÁUSULAS:**

1ª.- O Concello de Ames adxudica a **MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, SL**, con CIF **B-70195870** a **SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BERTAMIRÁNS DO CONCELLO DE AMES” no prezo de SESENTA MIL CATROCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS (60.495.- euros)**, máis o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de **DOCEL MIL SETECENTOS TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (12.703,95.- euros)** de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a subministración indicada do no prezo asimesmo establecido anteriormente, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o procedemento de licitación e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da subministración, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **3.024,75.- Euros**, mediante aval da entidade Bankinter, S.A inscrito no rexistro especial de avais co número **0419022**.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio dos traballos, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da subministración, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

A SECRETARIA,-

O CONTRATISTA,-

